

NADIÑA

Feliciano leva dez anos dándolle voltas a un proxecto literario concibido dende a teoría do nihilismo extremo, que teña corpo de novela e en cuxo interior non ocorra nada. Nada de nada. Aí, no terreo da ausencia, estará a novidade. Non haberá argumento, nin personaxes, nin espazos, nin conflitos, nin tempo, nin estrutura, nin descrições, nin diálogos, nin monólogos, nin metáforas, nin recursos lingüísticos e literarios de ningún tipo. Nada de nada. Nada. Na-di-ña. Tal vez careza de sentido afrontar un proxecto que se move sobre o baleiro, sen unha finalidade, pero a Feliciano o sentido das cousas impórtalle un peso. Un peso dos de antes. O territorio da nada, segundo este escritor hoxe descoñecido, préstase a ser percorrido co mesmo afán e curiosidade que se exploran as paixóns humanas ou o futuro.

Non nega que o tratamento que recibirán os contidos do libro que ten na cabeza foxen dos esquemas convencionais cos que os novelistas encaran a súa literatura, pero o feito de traballar sobre nada en concreto, nada en xeral, nada, en fin, de nada, non lle resta interese e envergadura ao proxecto. A epistemoloxía, de feito, agradecerá que se amplíe o campo sobre o que é posible abordar o coñecemento. A nada, en termos ontolóxicos, é unha gran descoñecida, e na opinión de Feliciano moi poucos pensadores contemporáneos, coa ollada nova que esta época permite pousar sobre o obxecto de estudo, teñen reflexionado dun xeito ordenado e sistemático sobre ela. A nada, dalgún xeito, ten moito que dicir.

A novela, que non posuía estrutura interna, nin atmosfera narrativa, nin coherencia entre as partes que a formen, nin propiciará entre a crítica un debate sobre os seus contidos, será, para falar con propiedade, unha non-novela. Feliciano, acostumado a que a literatura aborde, no eido da ficción, os temas da morte, o amor, a memoria, a identidade, o azar, o dobre, a metaliteratura, o fracaso, quere ante todo evitar que alguén conclúa que hai na mirada do autor un interese por tratar isto ou aquilo. Nada de isto ou de aquilo. Nada de nada. Aí está posto o ollo de Feliciano, que ás veces pensa que non acometendo o proxecto, está todo feito.